ACTIVIDADES | N.º 2 | Xuño 2017

8-10 ANOS

MIGRACIÓN E REFUXIO

DEREITOS SEN FRONTEIRAS: SAID E O MURO

kaleidoskópio



OXFAM Intermón

O meu nome é Said

Ola! O meu nome é Said, teño dez anos e vivo nunha vila chamado Vilatoupa. Teño dous grandes amigos, Marco e Lina. A miña paixón é o fútbol e case cada día imos xogar a un claro do bosque, xusto ao lado do muro. Lembrade ben este muro porque é o motivo da nosa historia!

Said

Lina

Marco

Un día, xogando no claro, Marco bateu tan forte que a pelota rebotou no muro e saíu disparada para o alto das árbores e ficou atrapada na súa copa. Lina e máis eu comezamos a rubir pola árbore e ao chegar ao alto encontrámonos cunha gran sorpresa: podíamos ver máis alá do muro e había casas, persoas que ían e viñan polas súas rúas, nenos que xogaban e... sorpresa! Todos tiñan o cabelo de cor azul, non o podía crer!

ACTIVIDADE*

Hai algunhas cousas da historia que vos contei que non acabo de entender. Podedes axudarme a descubrilas?

* Máis indicacións para realizar todas as Actividades, na guía didáctica.

- Por que credes que hai un muro rodeando Vilatoupa?
- O que é unha fronteira? Para que serve?
- Na vosa vila ou cidade tamén existen fronteiras? Para que serven?
- Coñecedes outras fronteiras, barreiras ou muros como o de Vilatoupa?
- Que outras cousas poden separar as persoas ademais das fronteiras?
- Coñecedes algún muro ou barreira que sexa invisíbel?

No mundo hai moitos muros, barreiras, fronteiras e elementos que separan os pobos e as persoas. En casa, podedes preguntar ás vosas familias se coñecen lugares en que existan fronteiras ou muros que impidan ás persoas iren ou viren libremente. Tamén podedes buscar fotografías destes obstáculos, muros visíbeis ou invisíbeis... Despois, na aula, podedes facer un mural e comentalo.

Queredes participar na nosa aventura?

Agora que sabemos máis cousas sobre os muros e as barreiras, se queredes, continuamos coa historia:

Despois de recuperar a pelota, volvemos correndo á casa e fomos buscar o avó de Lina para que nos explicase quen vivían detrás do muro cerca do mar. E esta é a historia que nos contou:

"Había unha vez dúas vilas que eran moi bos veciños. A nosa vila Vilatoupa, e a vila próxima ao mar, Vilatartaruga. Eu nacín e vivía en Vilatartaruga e túa avoa en Vilatoupa, sempre adoitábamos ir pasear polo bosque ou pola praia. Túa avoa adoraba o mar e eu adoraba subir ao bosque, mais o mellor de todo é que tiñamos moitas amizades e familiares en ambas as vilas.

Durante moitos anos fomos dúas vilas felices que vivíamos en paz. Compartíamos moitas cousas mais tamén tiñamos as nosas diferenzas. Os habitantes de Vilatartaruga tiñamos o cabelo azul.

Os habitantes de Vilatoupa, polo contrario, tiñan o cabelo de diferentes cores (negro, louro, castaño), mais ninguén o tiña azul. Algúns pensaban que a cor azul era debida á proximidade do mar; outros dicían que era porque comíamos moito peixe, moluscos e algas do mar. Ninguén sabía sabe por qué. Simplemente era de diferente cor.

Todo ía ben, até que un día houbo unha lea entre dous veciños, un de cada vila. Ninguén lembra o motivo mais, aos poucos, os veciños e veciñas das dúas vilas foron desconfiando os uns dos outros.

Comezaron a dicir que as persoas do cabelo azul éramos mas e perigosas. Comezou a haber leas e discusións entre os habitantes das dúas vilas até o punto de que algunhas persoas comezaron a pensar que ter un muro que separase as dúas vilas era boa idea. Pensaban que así se acabarían as leas. Outras persoas dicían que era unha loucura porque sempre estivéramos unidos e que un muro non servía para nada, pensaban que si se podía ser diferente e vivir en paz.

Porén, comezouse a construír o muro. Ao principio, podíase saltar facilmente e podíamos chegar a Vilatoupa desde Vilatartaruga e viceversa mas, pouco a pouco, o alcalde e algúns veciños foron facéndoo cada vez máis alto. Cada vez era maior o medo que sentían uns uns dos outros. Se o muro continuaba a crecer, en breve chegaría un momento en que non poderíamos pasar dun lado para outro.

Unha mañá, quixen ir a Vilatoupa ver túa avoa e uns amigos con que nos encontrábamos para xogar ás cartas. Lavei a cara, peiteeime, vestinme e saín de casa cunha chaqueta baixo o brazo por se apertaba o frío á media tarde. Cando cheguei, non o podía crer: o muro era o dobre de alto e xa non se podía saltar facilmente. Agora necesitaría unha escada, como mínimo, para poder pasar."

Entristeceume moito esta historia.
Como puido ter ocorrido algo así?

ACTIVIDADE

De sempre, as persoas movémonos polo mundo procurando novos lugares onde vivir: coñecendo novas paisaxes, buscando traballo, fuxindo do perigo, da violencia ou simplemente por estar cerca dos nosos seres queridos.

Propómosvos levar a cabo unha investigación en casa. Imprimide esta entrevista e cubrídea co axuda da vosa familia, e despois comentarémola entre toda a aula.

> Onde naciches?

> Onde naceron teu pai e túa nai?

> Onde naceron teus avós e túas avoas?

> Alguén da túa familia viviu algunha vez noutro sitio diferente de onde vive agora?

> Coñeces alguén doutro lugar? De onde é?

> Por que marchou do seu país, cidade ou vila?

> Como se sentiu ao marchar?

> Como marchou? Con quen marchou?

> Como se sentiu ao chegar ao novo lugar? Custoulle adaptarse?

> Coñeces o nome dalgunha persoa famosa? De onde é? Por que che gusta?

- Como é a vosa aula?
- As vosas familias tamén veñen de lugares diferentes de onde vivides agora?
- Lede as entrevistas que fixestes en casa. Tedes parentes que decidiran ir vivir a outro lugar?
- Coñecedes persoas que viñesen doutra cidade, doutra vila ou doutro país?
- Por que razón tomaron a decisión de mudar de cidade, vila ou país?

ACTIVIDADE

Co tempo, foron criándose as vilas, as cidades, os países... e con eles as fronteiras.

Propóñovos debuxar nun mapa as fronteiras que coñezades. Tentade descubrir para qué foron construídas, se se poden cruzar ou non, e quen o decide.



ACTIVIDADE

Para reflexionar un pouco máis sobre a historia de Vilatoupa e Vilatartaruga, e sobre os muros en xeral, propóñovos un xogo que talvez xa coñecedes: o xogo da cadea.

Teremos que ir ao patio. Necesitamos espazo porque imos ter que correr moito. Para comezar, dous ou tres nenos ou nenas colocaranse no centro collidos da man formando unha cadea e imos imaxinar que é o muro que separa Vilatartaruga de Vilatoupa. Os demais deberedes ir a un lado e a outro, e seredes os habitantes de ambas as vilas. O voso obxectivo será cruzar o muro sen que os que forman a cadea /muro vos apañen.

Tedes que saber que:

Só poden apañar os extremos da cadea.

Se pasades polos arcos centrais, poderedes salvarvos e chegar ao outro lado.

Se os que forman a cadea se soltan das mans, perden e non os poden apañar.

Os que formades a cadea, se apañardes alguén, pasará a facer parte da cadea, isto é, o muro farase cada vez máis longo.

Agora descansemos un pouco e falemos do que sentimos mentres xogábamos á cadea. Que sensacións experimentastes (medo, rabia, alegría, nerviosismo, tranquilidade...)? Cando as sentistes? Ao comezar o xogo, ao conseguir pasar, ao ser apañado. Que sensacións credes que viviu o avó de Lina ao non poder pasar?

Unha historia sorprendente

Avó de Said

Avoa de Said

Ola novamente! Acabo de descubrir unha historia sorprendente que vos quero contar.

Cando cheguei a casa e conteille a miña nai o que nos ocorrera a Lina, a Marco e a min, e todo lo que nos había contado o avó de Lina, comezou a chorar. Ao lle preguntar o motivo contoume algo que eu non sabía:

—Teus avós tamén naceron en Vilatartaruga. Ninguén o sabe tampouco. Decidiron marchar de alí porque non encontraban traballo e aquí en Vilatoupa había máis oportunidades. O tío Hammed, o irmán do avó tamén quería vir, mais xa non puido cruzar o muro. Esta historia sempre me puxo triste. Eu nacín en Vilatoupa xa co muro. Os avós e máis eu estivemos a nos tinxir o cabelo toda a vida para que a xente non vexa que somos diferentes e nos traten mal. E, coma ti, nunca puiden cruzar ao outro lado, nin coñecer Vilatartaruga, nin a súa xente, nin ir ao mar. Non cho contáramos contado antes por non te preocupar.

—Que historia, mamá! E o tío Hammed, onde está?

—Hammed—dixo miña nai—está aínda en Vilatartaruga loitando para conseguir aliados e aliadas para derrubar o muro. Creo que hai moitas persoas que, coma el, queren derrubar o muro, mais, igual que aquí, tamén hai persoas que prefiren non pensar niso e facer como se non o visen; por iso, os gobernantes non fan nada para mudar a situación.

Creo que ser diferente non debería ser un problema porque todos temos cousas que nos fan diferentes e únicos e cousas moi parecidas ou iguais que todas as demais persoas

Iso significa que poderíamos compartir e aprender moito os uns dos outros, non credes? Pode ser que, a miúdo, reparamos demasiado nas nosas diferenzas e pouco no moito que todas as persoas compartimos? O que pensades?

Comentade na aula: Que vos pareceu a historia?

- É xusta a situación que están a vivir?
- Que credes que significa?
- Como vos sentiriades se vos ocorrese algo parecido?
- Por que a nai de Saïd di que non quería ser diferente? O que quere dicir ser diferente?
- Por que Hammed, o tío de Saïd, necesita aliados e aliadas?
- Se estivésedes no lugar de seu tío, o que fariades?

ACTIVIDADE

Propóñovos un xogo para falar sobre iso, chámase: o mundo de cores.

Para comezar, a vosa mestra ou mestre colocaravos uns adhesivos na fronte. Non volos podedes quitar. Despois, sen falar, tedes que vos agrupar como mellor vos parecer... Mais, moi importante: Non esquezades que non podedes falar! Adiante!

- Gustouvos o xogo? Por que si e por que non?
- Como fixestes os grupos? Foi fácil facelos? Como vos sentistes?
- Hai alguén que non se puido agrupar? Por que?
- Sentiádesvos diferentes? Por que? Como é sentirse diferente?
- Como tratamos o grupo aos diferentes?
- Poderíamos ternos agrupado de forma distinta? Que outras cousas compartimos?
- Algunha vez sentístesvos como no xogo?
- Que credes que pode significar na vida real este xogo?

Sinceramente, creo que, antes de construír muros, as persoas podemos falar e tratar de arranxar os nosos problemas e aceptar as nosas diferenzas para as nosas vilas poderen conseguir vivir máis felices e en paz. Que bonito sería poder quebrar os muros que nos separan e que as nosas vilas puidesen convivir felices e en paz! Non credes?

ACTIVIDADE

Por iso, propómosvos agora reunirmos todo as ideas que descubrimos durante estas semanas e construírmos con elas un muro, o *"muro das inxustizas"*, que tamén derrubaremos para sempre no final desta historia.

Para iso, imos utilizar tetrabricks baleiros e limpos ou caixas. Cada tetrabrick ou caixa representará un tixolo. Recortaremos tres papeis brancos das medidas dunha das caras do tetrabrick ou caixa. Tedes que pensar en tres cousas ou nalgunha idea que nos separe ou divida das demais persoas, podedes escribilas ou facer debuxos, ou buscar fotografías. Despois, colarémolas nos papeis brancos que recortamos.

Preguntade tamén ás vosas familias e aos vosas compañeiras ou compañeiros de aula. Poden axudarvos a pensar e a construír o muro. Animade tamén as demais aulas da vosa escola a participar!

Dereitos sen fronteiras

ACTIVIDADE

Por que non pensades posíbeis solucións para que Vilatoupa e Vilatartaruga volvan estar unidos e así poidamos encontrarnos con meu tío e coñecer Vilatartaruga?

Con certeza teredes ideas magníficas. Pensade moi ben o que teríamos que facer para conseguilo. Comentádeo, redactade o texto e facede un debuxo que explique cómo chegamos ao acordo para derrubar o muro.

A historia da miña familia sorprendeume moito. Por tantas pelexas, medos e desconfianzas, meus avós nunca puideron volver á súa vila e os veciños e veciñas como miña nai e coma min nunca puidemos coñecer o que hai no outro lado do muro.

Que absurdo! Non vos parece? Creo que sería xenial encontrar unha forma de derrubar para sempre o muro que nos separa e conseguir que as dúas vilas convivan felices e en paz. Axudádesme?

O voso deseño será a quinta viñeta desta historia:



Atención! Entre todos os debuxos que fixestes... por que non escolledes un final con que toda a aula estea de acordo?

ACTIVIDADE

Despois de derrubar o muro, que credes que fixeron os veciños e as veciñas das dúas vilas cando se volveron encontrar despois de tanto tempo? O que lles debeu sorprender dos demais e deles mesmos? Credes que volveron ter problemas coas súas diferenzas? Se os tiveron, como os resolveron?

Talvez non tiveron problemas, mas gustoulles coñecer o que os facía diferentes porque era moi divertido e interesante. Despois de comentalo na aula, podedes facer un debuxo que mostre o que ocorreu, despois entre todos os nenos e as nenas da aula podedes inventar un único final. Este debuxo final será a sexta e última viñeta.

Abaixo os muros!

Con certeza inventastes uns finais moi bonitos para esta historia!

Finalmente, as dúas vilas entendemos que debíamos derrubar o muro e que tíñamos que nos pór de acordo e avaliar as nosas diferenzas con respecto. Aprendemos que o medo ao descoñecido non nos pode frear. Estou seguro de que as persoas podemos falar e arranxar os nosos problemas, valorizar as nosas diferenzas e aprender moito os uns dos outros. E tamén sei que as nosas vilas conseguirán agora vivir máis felices e en paz.

ACTIVIDADE

Para non esquecer nunca o que vivimos e aprendemos, debe-redes completar entre toda a aula as seguintes frases. Despois, podedes pendurlas na parede para lembralas todos os días:

- As nenas e nenos da aula .....

  descubrimos que .....

- As nenas e nenos da aula .....

  non queremos que .....

- As nenas e nenos da aula .....

  comprometémonos a que .....

  .....

ACTIVIDADE



Como levades a construción do voso muro das inxustizas? Chegou o momento de derrubalo.

O muro pode ir sendo construído desde agora até o día que decidades derrubalo. Podedes pedir ás outras aulas que vos axuden con máis tixolos e que o alimenten con debuxos, frases ou fotografías das cousas que nos separan e dividen. Propóñovos que fagades unha exposición no voso centro coas viñetas e os finais que inventastes. Tamén podes convidar as vosas familias, os vosos veciños e veciñas, o Concello, etc., para que coñezan a historia, participen e axuden a derrubar o muro.

#DerechosEnMovimiento





kaleidoskópio

OXFAM Intermón